

Álvarez Rodríguez, Rosana
Barreiro Castro, Cándida
Fernández Nóvoa Alejandro
García Figueroa, Adrián
Hermida Ramón, José Manuel
Martínez Piñeiro, Manuel
Pérez Cid, Benita

Pérez Juste, Ignacio
Ramos Docampo, Miguel Alexandre

Excusan asistencia:
Canosa Saa, José
Fariza Nóvoa, María

ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 22/12/2016

Ás 12:00 horas do día 22 de decembro de 2016 réunese, na Sala de Xuntas do Decanato, a Comisión de Garantía de Calidade (en adiante CGC) da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

1. Informe sobre o proceso de acreditación do Grao en Química.
2. Validación, se procede, do “Informe de Accións de Coordinación” (DO0201-P1) do Grao en Química correspondente ao curso 2015-16.
3. Análise das “Enquisas de Satisfacción coas Titulacións Oficiais” do Grao en Química correspondentes ao curso 2015-16.
4. Análise das “Enquisas de Avaliación Docente do Profesorado” do Grao en Química correspondentes ao curso 2015-16.
5. Análise das “Enquisas de Ingreso na Facultade de Química” do curso 2015-16.
6. Análise dos resultados académicos do Grao en Química correspondentes ao curso 2015-16.

1. Informou o Decano sobre o vindeiro proceso de acreditación do Grao en Química. As datas de visita da comisión avaliadora non están todavía confirmadas, pero a previsión é para os meses de marzo ou abril, co que a documentación a preparar na Facultade deberá ser entregada a finais do mes de xaneiro, estando na actualizade moi avanzada a súa elaboración. En particular, o informe de acreditación está case rematado, e foi sometido á opinión de varios docentes da Facultade con experiencia previa en procesos de acreditación coma o actual.

2. Unha vez analizado e debatido o seu contido, validouse por asentimento o devandito Informe.

3. Procedeuse a avaliar e analizar os resultados da Enquisa. A tendencia respecto ós cursos anteriores pode considerarse positiva, con crecemento sostido na maior parte dos indicadores. Citouse en particular a taxa de éxito, que con un 69% neste curso sitúase por riba do valor establecido coma obxectivo, que é o 65 %.

4. Comentáronse estes resultados, que non presentan grandes diferencias respecto ós obtidos en cursos anteriores. A calificación promedio obtida é positiva, se se comparan os valores cos promedios da Universidade. Tamén se comentou a correlación entre os resultados destas enquisas e as avaliacións do programa Docentia. Atópase unha tendencia entre os cursos en que se imparte cada materia e os promedios das avaliacións obtidos polos docentes. O feito de que os estudantes que chegan a terceiro e cuarto curso xa teñan pasado o cribado dos dous primeiros cursos, tendo por tanto asumido o ritmo de traballo necesario, e traballando en grupos máis reducidos permite unha maior eficacia no desenvolvemento das tarefas docentes, o que redonda nunha maior satisfacción por parte do estudiantado, reflectido nos resultados das enquisas.

5. Revisáronse tamén os resultados destas Enquisas de Ingreso, que permiten establecer un perfil da procedencia académica dos estudantes de primeiro curso, incluíndo os coñecementos previos, a súa motivación para elixir esta titulación, e expectativas de formación.

6. Os resultados académicos do ano 2015-16 presentan unhas tendencias moi similares ós obtidos en cursos previos. Ningunha materia presenta discordancia cos valores medios, en ningún dos dous sentidos posibles. As fluctuacións entre materias dentro de cada curso son moderadas, a non se pode detectar ningunha materia en que os resultados académicos amosen unha taxa de aprobados sistemáticamente máis baixa. O promedio de superación de créditos aumenta cos cursos, presentando mellores resultados globais a medida que se progresa no grao. Esta casuística, asociada ás condicións do alumnado, a dificultade das materias de primeiro e segundo curso, e ó propio proceso de adaptación dos novos estudantes á esixencia dos estudos superiores maniféstase coma unha constante ó longo dos anos, aínda que os resultados promedios globais poden considerarse satisfactorios. Considérase nembargantes que estas estatísticas poden mellorar, e cómpre deseñar futuras medidas de mellora sempre con este obxectivo en mente.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:15 h do día sinalado, e como Secretario dou fe, co visto e prace do Decano.

O Secretario

Manuel Martínez Piñeiro



O Decano

Ignacio Pérez Juste